



Madeleine Delbrêl. Con ollos abertos e compasivos¹

Mariola López Villanueva¹

Madeleine Delbrêl (1904-1964) viviu nun período da historia onde coincidiron en Europa mulleres de gran talla humana e intelectual. Foi contemporánea de tres xudías filósofas que deixaron a súa pegada na historia do pensamento e da espiritualidade: Edith Stein, Hannah Arendt e Simone Weil, e dunha muller excepcional, tamén xudía, da que Madeleine amaría ter coñecido a súa experiencia e os seus escritos, ETTY HILLESUM. Todas elas foron testemuñas dun século de avances e de brutalidade, de beleza e de sufrimentos, de creatividade e de destrución.

Percorrer os fitos políticos e sociais das primeiras seis décadas do século XX, enmarcadas nas dúas guerras mundiais, mergúllannos nuns anos arrepiantes polo seu sufrimento e lévanos a sentir próximas estas mulleres nos tempos convulsos que transitamos, nun mundo polarizado, cunha guerra inexplicable e devastadora –cando se cumpriu un ano do inicio dos bombardeos rusos a Ucraína– e contemplamos doridos como estala no noso mundo, noutros tantos conflitos armados, esa «terceira guerra mundial a anacos» da que ao papa Francisco nos alertaba hai uns anos.

Quen foi Madeleine Delbrêl e por que a súa vida se mostra hoxe significativa para nós? Na miña mocidade entrei en contacto cos seus escritos e sorprendeume atopar unha muller que puidese vivir tan profundamente mergullada en Deus e, á vez, tan sumida

¹ Mariola López Villanueva é relixiosa do Sagrado Corazón. Licenciada en Xornalismo e Teoloxía Bíblica, é doutora en Teoloxía Espiritual pola Facultade de Teoloxía de Granada, na que actualmente é profesora.